


<b>Programa: Muller a cooperativa é para ti</b> [ En colaboración coa Rede Eusumo e o Concello de Sada ]			
<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	- Do 6 ao 9 de xullo   Emprender en cooperativa - Do 20 ao 23 de setembro   Traballo en equipo nas cooperativas	<b>DURACIÓN</b>	20 horas cada curso. Total 40 h.
<b>HORARIO</b>	De 9:30 a 14:30 hs		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Salón de Plenos do Concello de Sada, Avenida do Porto, 24, Sada		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Luisa Celis Sanmiguel (AEDL Concello de Sada) <a href="http://www.aedlsada.gal">www.aedlsada.gal</a>	<b>teléfono</b>	620765150
		<b>e-mail</b>	<a href="mailto:aedl@sada.gal">aedl@sada.gal</a>
<b>PARA INSCRIBIRSE <a href="#">PREMA AQUÍ</a></b>			
<b>OBXECTIVOS</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>— Achegar o modelo cooperativo ás mulleres, e en especial ás mulleres desempregadas que queren coñecer a fórmula do autoemprego cooperativo.</li> <li>— Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das mulleres participantes, as condicións e pasos a dar para empender baixo a fórmula cooperativa.</li> <li>— Achegar ás participantes os recursos e medidas de apoio existentes que favorecen o emprendemento feminino.</li> <li>— Desenvolver as habilidades persoais claves no traballo colaborativo. Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.</li> <li>— Descubrir e aplicar as habilidades persoais nun contorno cooperativo</li> </ul>			
<b>PROGRAMA E CONTIDOS</b>			
<b>Curso: Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas (20 horas)</b> Módulo 1.- A Comunicación Módulos 2.- O traballo en equipo. Módulo 3.- A toma de decisións. Módulo 4.- O liderado nas cooperativas		<b>Curso: Muller, lánzate a empender en cooperativa (20 horas)</b> Módulo 1.- O emprendemento. A situación das mulleres no emprego Módulo 2.- O cooperativismo de traballo como alternativa de emprego. Módulo 3.- Organización e financiamento. Apoios para o emprendemento feminino Módulo 4.- Experiencia cooperativa. Boas prácticas no cooperativismo promovido por mulleres	
<b>METODOLOXÍA</b>			
A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.			
<b>DIRIXIDO A</b>			
Ás mulleres, tanto desempregadas como emprendedoras, ou incluso mulleres ocupadas e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. <u>Composición do grupo</u> : mínimo 10 persoas e máximo 20.			
			

Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2021 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.